

CONCILIACIÓN E CORRESPONSABILIDADE


Son termos que representan a desigualdade de tarefas tanto domésticas como na sociedade. Buscan obter como fin a equidade de responsabilidades entre ambos xéneros.

Traballo feito por: Manel, Nico e Thais

Para abordar o tema da **conciliación** da vida laboral e familiar, é indispensable facer referencia a como se organiza o traballo entre homes e mulleres, ambos fan tarefas de distinto tipo nas sociedades que se coñecen.


Podemos dicir que nas diversas sociedades, máis alá das súas diferenzas, existe a separación de tarefas que se atribúen a homes e a mulleres. Claro que esta separación pode ser máis ou menos ríxida, dacordo ás características da sociedade que se trate, posto que poden influir algúns factores , que inciden na división de tarefas por sexo, a esta división chámasele “división sexual do traballo”.

(Enténdese por división sexual do traballo ao reparto de tarefas según o sexo.)



Esta división sexual do traballo, ten características comúns, que tamén as topamos nas diversas sociedades, máis alá das súas diferenzas. Estas son.

- A case exclusiva responsabilidade das mulleres na crianza e coidado dos/as fillas/os e as tarefas domésticas.
- Xerarquización das tarefas, en canto a valorización social e económica outorgada a favor dos homes e prexuízo das mulleres.
- As mulleres quedaron relegadas ao ámbito privado.
- A división sexual do traballo modifícase no tempo e no espazo.



Púxose moito énfase en incorporar as mulleres no mundo laboral, ao ámbito público, pero o mesmo esforzo non puido ser posto en democratizar a vida doméstica, é dicir, facer que os varóns asuman a súa parte no reparto igualitario de tarefas na casa.

O feito de que os homes non asuman a súa parte no reparto das tarefas na casa, fai que as mulleres teñan que asumir o traballo na casa e no emprego fora da casa, é o que hoxe coñecemos como dobre xornada de traballo, coas consecuencias perxudiciais para a saúde mental e física das mulleres.

Así é que as mulleres traballan unha media de 20 horas máis a semana.


“Os homes só desenvollean un terzo do traballo total requerido para manter a sociedade española nos niveis de benestar que actualmente disfruta, inda que obtén o 69% do traballo con contrapartidas monetarias directas”.

Corresponsabilidade

A corresponsabilidade é a solución para ós problemas de desigualdade creados pola conciliación e tamén e a base dunha boa relación que teña como pilares a igualdade e a comprensión. Entendemos a corresponsabilidade como a responsabilidade compartida con outra persona, que levado ao tema que estamos tratando sería repartir de forma equitativa os traballos ca tua parexa. Uns exemplos desto serían:

-Repartir as tarefas da casa

-Encargarse por igual dos fillos, non solo son responsabilidade da nai



Pautas a seguir para evitar malas situacións na parexa

- Revisar os modelos de xénero.
- Promover os dereitos de benestar das persoas.
- Sensibilizar e concienciar as mulleres e aos homes.
- Recoñecer a función social da maternidade.
- Que os homes tamén fagan uso das medidas de conciliación.

